

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 30 DE MAIO DO 2024.****Sesión 09/2024-P**

<u>SRES/RAS ASISTENTES</u>	
<u>PRESIDENTE</u>	
D. Óscar Benito Portela Fernández (SM)	
<u>CONCELLEIROS</u>	
Grupo Sadamaioría (SM)	
D ^a Rebeca Mouriño Neira	
D. Marcos Villar López	
D ^a María Pilar Taibo Fernández	
D. Xosé Fernando Fariña Andrade	
D ^a Patricia Martínez Abruñedo	
D. Ricardo Berrocal Fariña	
Grupo Unidos por Sada (UPSA)	
D ^a María Nogareda Marzoa	
D ^a María Soraya Salorio Porral	
D. Sergio García López	
D. Breogán Blanco González	
Grupo Partido Popular de Sada (PP)	
D. Fernando España López (Chano)	
D ^a María Isabel Val Armesto	
D. Aurelio Lonja Tajés (Lito)	
Grupo Mixto (GM)	
D ^a . Almudena Pena Álvarez («PSOE, independente»)	
D. Emilio Graña Mosquera («BNG»)	
<u>NON ASISTE</u>	
D ^a Esperanza María Arias Ferreiro (PP), con escusa	
<u>SECRETARIA</u>	
D ^a María del Carmen Seoane Bouzas	
	No Salón dos Plenos da Casa do Concello, sendo as 20.00 horas do día xoves 30 de maio do 2024, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido pola secretaria da Corporación D ^a María del Carmen Seoane Bouzas, quen dá fe do acto, reúnen os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria do Pleno prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte

ORDE DO DÍA:

Abre a sesión o Presidente, dando a benvida a todos e a todas a este Pleno ordinario correspondente ao mes de maio do 2024 do Concello de Sada.

1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS (sesións núms. 07 e 08/2024).

Pola Presidencia pregúntaselles aos membros da Corporación se teñen que formular algunha observación ás actas das sesións núms. 07 e 08/2024, respectivamente ordinaria do 25 de abril e extraordinaria do 13 de maio.

Intervén a sra. Nogareda Marzoa (UPSA), para facer unha observación á acta da sesión ordinaria do 25 de abril, consistente en que na parte do debate do punto 2º (antes da votación), de *Resolución das alegacións presentadas contra a aprobación inicial do orzamento 2024*, figura que o seu grupo municipal (UPSA) anunciara que se



había abster, o que salvo que se equivocasen o que comentara na súa intervención estaba orientado a votar en contra como efectivamente así o fixeron.

Logo da intervención do presidente, indicando que pola súa parte non teñen nada que obxectar con respecto da modificación proposta pola sra. Nogareda, procédese a votar que no parágrafo do debate a que se fixo referencia onde di a sra. *Nogareda Marzoa (UPSA), quen di que o seu grupo hase abster; pase a dicir a sra. Nogareda Marzoa (UPSA);* suprimindo polo tanto a referencia ao anuncio de abstención do seu grupo, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (7 SM, 4 UPSA, 3 PP e 2 GM).
- Votos en contra: Non se producen.
- Abstencións: Non se producen.

Resultando aprobada a dita modificación por unanimidade dos asistentes.

Non habendo máis intervencións, quedan aprobadas as ditas actas, coa modificación que se indicou da correspondente á da sesión ordinaria do pasado 25 de abril, ordenando a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

2º.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN TÉCNICA E FINANCEIRA ENTRE AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE SADA PARA A AMPLIACIÓN DA ESTACIÓN DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS (EDAR) DE SADA.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral, do 16 de maio do 2024, que recolle literalmente:

«Único.- Aprobado o convenio de colaboración entre Augas de Galicia, Portos de Galicia e o Concello de Sada en relación coas actuacións no dominio público portuario para a execución e mantemento das obras «ANTEPROXECTO DE AMPLIACIÓN DA ESTACIÓN DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS DE SADA. SADA (A CORUÑA) OH.315.1189, asumindo os compromisos nel establecidos (cláusula segunda B) unha vez que as obras estean rematadas que pasarán a ser titularidade deste Concello, co seguinte texto:

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AUGAS DE GALICIA, PORTOS DE GALICIA E O CONCELLO DE SADA EN RELACIÓN COAS ACTUACIÓNS NO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO PARA A EXECUCIÓN E MANTEMENTO DAS OBRAS «ANTEPROXECTO DE AMPLIACIÓN DA ESTACIÓN DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS DE SADA. SADA (A CORUÑA). OH.315.1189»

Dunha parte, Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

Doutra parte, José Antonio Álvarez Vidal, en nome e representación da Entidade Pública Empresarial Portos de Galicia, na súa calidade de Presidente, cargo para o que foi nomeado polo Decreto 101/2023, do 29 de xuño, con domicilio aos efectos deste convenio na Praza de Europa, nº 5A, 6º, Área Central, Polígono de Fontiñas, 15707 Santiago de Compostela (A Coruña), actuando en virtude das facultades que a tal efecto lle confiren os artigos 12.3.a) e 12.3.g) da Lei 6/2017, de 12 de decembro, de EPE Portos de Galicia.

E doutra parte, Óscar Benito Portela, alcalde do concello de Sada, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Todas as partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen coa capacidade legal necesaria para o outorgamento deste convenio e para o efecto

EXPOÑEN

1. O 8.4.2021 o Concello de Sada solicitou, ao abeiro do disposto no capítulo II do Decreto 59/2013, do 14 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, en materia de execución e explotación de infraestruturas hidráulicas, a colaboración técnica e financeira da Administración hidráulica de Galicia para a execución da obra de referencia, interesando o financiamento pola Administración autonómica do 100% do custo da actuación.

O 19.4.2021 a presidencia de Augas de Galicia acordou aprobar a colaboración técnica solicitada polo Concello de Sada para a execución da obra «Anteproxecto de ampliación da estación depuradora de augas residuais de Sada. Sada (A Coruña)», a prestar por Augas de Galicia, así como o seu financiamento nunha porcentaxe do 100% con cargo aos orzamentos da entidade pública.

2. O 25.8.2021 a dirección de Augas de Galicia aprobou o «Anteproxecto de ampliación da estación depuradora de augas residuais de



Sada. Sada (A Coruña)" OH.315.1189.

Coa citada actuación preténdese ampliar a estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Sada co fin de axeitar a súa capacidade de tratamento ás necesidades actuais do sistema de saneamento conforme coa normativa vixente.

O financiamento da citada obra xa foi autorizado polo Consello da Xunta o 27.10.2022 no expediente relativo á colaboración técnico-financiera da Xunta de Galicia co Concello de Sada para a execución da obra do "Anteproxecto de ampliación da EDAR de Sada. Sada (A Coruña)".

3. O 18.9.2023 formalizouse o contrato de elaboración do proxecto e execución da obra de ampliación da estación depuradora de augas residuais de Sada. Sada (A Coruña).

4. Para a execución das obras de referencia cómpre ocupar terreos pertencentes ao Dominio Público Marítimo-Terrestre e Zona de Servidume, e están incluídas na zona de adscripción do Porto de Sada, competencia de Portos de Galicia de conformidade co estipulado na Lei 6/2017, do 12 decembro, de Portos de Galicia.

5. A execución de infraestruturas de saneamento coma as que se pretende acometer resulta beneficiosa non so para a vila, senón tamén para a explotación futura das instalacións portuarias.

Esta infraestrutura de saneamento está recollida no proxecto en trámite de plan especial de ordenación urbanística do porto de Sada, que recolle a delimitación de espazos da zona portuaria e que xa foi sometido a informe da Dirección Xeral da Costa do Mar da Secretaría de Estado de Medio Ambiente, do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

Por iso, dado o interese coincidente de todas as partes na execución desta obra, acordan regular as súas relacións en relación coa posta a disposición de terreos, execución, titularidade, mantemento, limpeza e mellora da parte da obra que discorre polo Porto de Sada, e formalizan este convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

É obxecto deste convenio establecer as condicións básicas para a colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, o ente público Portos de Galicia e o concello de Sada, para determinar as condicións nas que o ente público Portos de Galicia autoriza a execución das obras que se definen no "Anteproxecto de ampliación da estación depuradora de augas residuais de Sada. Sada (A Coruña)" OH.315.1189, na parte que se desenvolve no dominio público portuario (no Porto de Sada) e pon a disposición sen cambio de titularidade ou cualificación xurídica dos bens e terreos portuarios, libres de cargas os terreos que resulten necesarios para a execución das citadas obras na zona do Porto de Sada.

Concretamente o dominio público portuario no que se desenvolverán as citadas actuacións reflíctese no plano anexo a este convenio, se ben poderá producirse lixeiras variacións na fase de redacción do proxecto da EDAR.

SEGUNDA. OBRIGAS DAS PARTES

A. OBRIGAS DA ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, Augas de Galicia obrígase a:

1 Respetar as actuacións establecidas na execución das obras no Porto de Sada definidas no "Anteproxecto de ampliación da estación depuradora de augas residuais de Sada. Sada (A Coruña)", de clave OH.315.1189.

2 Así mesmo:

- o Unha vez estea redactado o proxecto da EDAR deberá ser remitido a Portos de Galicia para informe preceptivo, no que Portos de Galicia incluírá a xustificación da compatibilidade do uso autorizado coa normal explotación do porto.
- o Velar porque a reposición dos pavimentos afectados igualem ou superen as actuais prestacións en canto a calidade (pavimento de formigón e aglomerado asfáltico) e dimensionamento (espesores, composición, densidades, etcétera), tendo en conta ademais a sinalización viaria final dos pavimentos a repoñer. No caso dos viarios, deberá repoñerse todo o viario afectado polas obras con pavimentos ou firmes con capacidade suficiente para soportar o tráfico de vehículos pesados xerados no porto. Previamente ao inicio dos traballos de reposición deberá contarse coa aprobación expresa dos servizos técnicos do ente público Portos de Galicia.
- o Adoptar as medidas e procedementos construtivos axeitados co fin de garantir en todo momento a normal explotación portuaria, no relativo á incidencia dos traballos no porto, en especial no referente á entrada e saída de embarcacións e dos vehículos do tráfico portuario.
- o Garantir a reposición dos servizos afectados sen que se interrompa o servizo subministrado. Calquera obra de afección destes servizos deberá contar coa supervisión expresa do persoal de Portos de Galicia.
- o Tomar as máximas medidas de seguridade para evitar calquera tipo de polución ou contaminación tanto na zona portuaria coma nas proximidades, quedando expresamente prohibido o vertido de residuos ao mar, debendo cumprir en cada momento coa normativa vixente nestas materias.
- o Tendo en conta a natureza dos terreos da zona portuaria, deberanse establecer os procedementos construtivos axeitados e medidas de seguridade co fin de evitar calquera dano as persoas, edificacións e instalacións existentes.
- o Manter en bo estado o dominio público portuario, así como de mantelo en perfectas condicións de limpeza, hixiene e seguridade.

3. Calquera modificación dos proxectos, así como a execución de obras non contempladas no mesmo que afecte a bens e terreos



portuarios requirirá a previa autorización de Portos de Galicia.

4. Antes do comezo das obras deberá ter lugar a implantación delas, para o que Augas de Galicia citará ao Concello de Sada e ao ente público Portos de Galicia, para delimitar e definir axeitadamente sobre o terreo as actuacións en zona portuaria. Neste acto concretarase sobre o terreo o trazado preciso dos elementos de saneamento, que poderá ser reaxustado co fin de facelo compatible coa normal explotación portuaria, debendo ter o visto bo da persoa titular da Xefatura da Zona Centro de Portos de Galicia.

En caso de modificación do establecido na acta de implantación, e previamente a calquera execución, citarase a comisión de seguimento establecida na cláusula V quen resolverá as posibles discrepancias que puideran xurdir.

5. Entregar ao concello de Sada as obras que execute esta entidade en terreos de dominio público portuario, unha vez finalizadas, nos termos establecidos neste convenio e no Decreto 59/2013, do 14 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia, en materia de execución e explotación de infraestruturas hidráulicas.

6. No ámbito das súas facultades, afrontar e intentar resolver conforme aos principios de boa fe e lealdade, as dificultades ou problemas que podan xurdir no desenvolvemento deste convenio.

A formalización deste convenio non implica no seu desenvolvemento e execución compromisos adicionais de gasto respecto dos comprometidos e asumidos na resolución pola que se aproba a colaboración técnica solicitada polo Concello de Sada para a execución da obra "Anteproxecto de ampliación da estación depuradora de augas residuais de Sada. Sada (A Coruña)", a prestar por Augas de Galicia, así como o seu financiamento nunha porcentaxe do 100% con cargo aos orzamentos da entidade pública.

B. OBRIGAS DO CONCELLO DE SADA

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, o Concello de Sada obrígase a:

Respecto ás relacións co ente público Portos de Galicia, unha vez que as obras estean rematadas, e dado que o concello asumirá a súa titularidade de conformidade co estipulado no citado expediente de colaboración técnica financeira ao abeiro do disposto no capítulo II do Decreto 59/2013, do 14 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, en materia de execución e explotación de infraestruturas hidráulicas:

1. Explotar, conservar, manter e limpar as instalacións de saneamento e depuración actualmente existentes en terreos de dominio público portuario, en tanto sexan compatibles estas tarefas coa execución das obras referidas neste convenio.
2. Asumir a explotación, conservación, mantemento e limpeza da obra realizada nos terreos de dominio público portuario, así como a asunción de todos os gastos necesarios para ela, incluídos os asociados aos consumos enerxéticos, de reactivos, de persoal e de xestión de residuos, desde o momento en que a obra sexa posta a disposición do concello por Augas de Galicia. Comprométese a solicitar a Portos de Galicia con carácter previo á finalización das obras a formalización do título administrativo que corresponda para regular a fase de explotación das obras existentes e construídas.
3. Asumir as responsabilidades que fronte a terceiros puidesen xurdir derivadas da posesión, disposición e utilización da infraestrutura de saneamento autorizada, quedando Portos de Galicia eximido de toda responsabilidade neste extremo.
4. Correr co pago de tódolos tributos que xere a explotación das instalacións de saneamento, incluída a repercusión que do IBI correspondente lle presentará Portos de Galicia, se non procedera a recoller estas instalacións no padrón do IBI como exentas deste imposto.
5. Cumprir as seguintes condicións:

A. Condicións xerais

1. **INVENTARIO:** o Concello remitirá a Portos de Galicia no prazo dun mes dende a formalización do convenio a información detallada das canalizacións así como os elementos e instalacións ou puntos singulares que conforman cada rede de servizo municipal en chan portuario.

En particular achegará:

a) Un listado a modo de inventario con indicación dos parámetros principais: (1) localizacións en coordenadas UTM incorporables a GIS do comezo e finalización dos tramos, conexións e elementos singulares (rexistros, puntos de vertido, cadros, etc.), (2) lonxitudes, (3) seccións, (4) materiais, e (5) outros parámetros que caractericen a rede como a súa capacidade (5a) e as acometidas existentes (5b).

b) Representación gráfica en plano .dwg editable dos elementos inventariados.

Incorporase como Anexo II a este convenio os planos coa representación gráfica dos elementos inventariados.

2. **ORDENANZAS DE SERVIZOS E NORMAS RELACIONADAS:** O Concello incorpora como Anexo III as ordenanzas reguladoras relacionadas cas prestacións dos servizos amparados nas infraestruturas obxecto deste convenio. Adicionalmente indícase se o/s servizo/s se presta/n por xestión directa ou por terceiros en virtude de contrato administrativo.

No caso das instalacións de alumeadado, remitirase copia do boletín e do contrato de subministro formalizado para garantir o pago dos consumos propios.

3. **ACTUALIZACIÓN DA INFORMACIÓN:** Tanto o Anexo II coma o Anexo III deberán ser actualizados cada vez que unha modificación o requira. Será o Concello o que teña a obriga de remitir dita actualización xunto coa solicitude de modificación que quedará incorporada ao presente convenio.

4. **MANTENIMENTO E GARANTÍA DE SERVIZO:** O Concello asume o mantemento ordinario e extraordinario da totalidade da rede da súa titularidade e/ou xestión e atenderá as avarias que se poidan producir nela, obrigándose á reparalas nos prazos



establecidos nas súas ordenanzas . Calquera actuación deberá ser comunicada previamente á xefatura de zona de Portos de Galicia para a súa autorización. Débese acordar pola comisión de seguimento do convenio, que dará traslado para a súa aprobación polos órganos competentes. As ditas actuación, en todo caso, implicarán a actualización do inventario do anexo II. De ser preciso unha intervención de urxencia a dita comunicación extemporánea deberá acreditarse de xeito suficiente.

5. PERMISOS: O Concello é responsable de tódolos permisos relacionados coa prestación do servicio amparados nas obras obxecto de convenio, en particular de tódalas tramitacións relacionadas con puntos de vertido, control de calidade das augas ou legalización sectorial das redes e instalación ante os órganos competentes. Así como as autorizacións sectoriais en materia de medio ambiente e patrimonio cultural, no seu caso.

6. TRAMITACIÓN DE ENGANCHE Á REDE

a. O Concello (ou no seu caso a empresa xestora do Servizo) no marco das súas competencias será o responsable da tramitación das autorizacións de enganche ás redes que reciban dos particulares, sen prexuízo da execución da actuación que se detalla no punto 7.

b. As solicitudes que poida recibir Portos de Galicia que non proveñan do mesmo Concello ou de persoa xurídica subrogada na súa posición non serán admitidas e serán devoltas ao usuario non portuario.

c. Se a necesidade de enganche ou acometida provira dun usuario portuario, Portos de Galicia poderá decidir de xeito alternativo remítala ao Concello para a súa tramitación ou autorizar o dito enganche, incorporándoo ao correspondente título administrativo de titularidade do solicitante, de por si coa soa comunicación ao Concello de dita actuación, sendo neste caso Portos de Galicia o responsable da actualización do inventario e dos planos.

7. EXECUCIÓN DE ACOMETIDAS:

a. O Concello ou a persoa xurídica que actúe pola súa conta en virtude de contrato administrativo será o responsable da execución das obras autorizadas por Portos de Galicia.

Para a execución das acometidas solicitadas por particulares debera achegar o formulario descritivo da actuación, que poderá aglutinar varias acometidas a realizar sobre a mesma rede.

b. As canalizacións executaranse de acordo ás directrices indicadas por Portos de Galicia e se reporán cos pavimentos anteriores no seu defecto ou segundo o indicado en cada autorización particular de obra, en función da tipoloxía do pavimento/s existente/s.

c. Se a execución da actuación se fai por empresa privada en virtude de contrato administrativo depositará esta aval polo importe da actuación. Admitirase a formalización dun único aval, con importe suficiente, que avale todas aquelas actuacións executadas o amparo do presente convenio, que non será inferior o 5% do importe da suma das actuacións que se poidan executar de xeito concorrente. A estes efectos o importe das obras será o orzamento de contrata co IVE incluído.

d. En ningún caso poderá ser executada a acometida por un particular.

8. CIRCUNSTANCIAS EXTRAORDINARIAS: Se por circunstancias extraordinarias Portos de Galicia considerase necesarias actuacións sobre as redes de servicios ou os propios servicios, reclamará ao Concello a adopción de medidas urxentes. Se estas non foran tomadas en prazo razoable, en todo caso superior a 10 días, poderá Portos de Galicia executalas por si mesmo e reclamar ao Concello os gastos incorridos.

9. LEGALIZACIÓN DA REDE E AUTORIZACIÓNS: Portos de Galicia en virtude de este convenio e a partir da súa firma legaliza as redes e instalacións obxecto do mesmo no concerne á ocupación de dominio público portuario. A vixencia e respecto das cláusulas deste convenio habilitan ao Concello para a xestión ordinaria das instalacións en chan portuario sen prexuízo da necesidade de comunicación das tarefas ordinarias e a autorización portuaria para as que impliquen obras ou modificacións así coma as que poidan supoñer interferencias para a operativa portuaria. Portos de Galicia comprométese a dar preferencia ás necesidades de servicio das redes e dar resposta no prazo inferior a 2 meses das solicitudes presentadas polo Concello, a contar dende que se produza o acordo da comisión de seguimento do convenio.

B. Condicións particulares:

REDE DE SANEAMENTO:

S1. PARÁMETROS DE ENTRADA: O Concello garantirá que os caudais incorporados á rede de saneamento cumpran cos parámetros establecidos na lexislación de augas e vertidos.

S2. PARÁMETROS DE VERTIDO E PUNTO DE VERTIDO: O Concello garantirá que os caudais vertidos ás augas cumpran cos parámetros establecidos na lexislación de augas e vertidos. Os puntos de vertido estarán localizados e debidamente legalizados ante o organismo de conca competente.

S3. ATENCIÓN A VERTIDOS: O Concello responderá cos seus medios e á maior brevidade ante calquera vertido que se produza con orixe a súa rede.

INSTALACIÓNS E EDIFICACIÓNS AUXILIARES

E1. SEGURIDADE INDUSTRIAL: O Concello garantirá a seguridade das instalacións que sexan obxecto deste convenio.

E2. INSPECCIÓNS PERIÓDICAS: O Concello garantirá o mantemento correcto e a legalización industrial periódica dos elementos singulares das instalacións ao servicio deste convenio.

E3. ASPECTO EXTERNO E INTEGRACIÓN CO ENTORNO: O Concello garantirá a integración paisaxística das instalacións e Portos de Galicia poderá establecer criterios estéticos sobre as fachadas, cubertas e demais elementos visibles das instalacións e



edificacions que dean servizo ao presente convenio. O Concello será responsable de levalas a cabo.

C. OBRIGAS DO ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, o ente público Portos de Galicia obrígase a:

- 1. Autorizar a execución das obras do anteproxecto de referencia, que afectan e se encontran no porto, concretamente as referidos aos colectores xerais, podendo supervisar en calquera momento a súa execución. No caso de detectar desviacións ou deficiencias na execución da obra, poñerá esta circunstancia en coñecemento da dirección da obra e, de existir dano, convocará inmediatamente á Comisión de Seguimento.*
- 2. Poñer a disposición libres de cargas os terreos que resulten necesarios para a execución das obras na zona do Porto de Sada para o normal desenvolvemento das obras.*
- 3. Autorizar a intervención de Augas de Galicia e do concello de Sadana zona do Porto de Sadapara o cumprimento das obrigas derivadas deste convenio.*

As anteriores autorizacións, nin os pactos e as obrigas estipuladas neste convenio, supoñen alteración da titularidade ou cualificación xurídica dos bens e dereitos portuarios afectados.

Calquera modificado do proxecto das obras que afecte á zona do Porto de Sada, deberá contar coa autorización expresa de Portos de Galicia.

TERCEIRA. COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Constituirase, a iniciativa de calquera das partes, unha comisión formada por dous representantes de cada unha das partes para desenvolver as seguintes actuacións:

- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio, proponendo as actuacións que se consideren precisas.*
- Interpretar, en caso de dúbida, o contido do convenio.*
- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.*

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do convenio.

Os membros desta comisión de seguimento poderán asistir ás reunións desta acompañados do persoal técnico que consideren oportuno. Ademais, cando se considere oportuno, a Comisión de Seguimento poderá requirir a asistencia técnica necesaria para a avaliación e análise das distintas cuestións sobre as que deban adoptarse acordos.

CUARTA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo.

Todo litixio, controversia ou reclamación resultantes deste convenio ou relativo a este, a súa interpretación ou execución, o seu incumprimento, resolución ou nulidade, resolverase pola xurisdición contencioso-administrativa.

QUINTA. MODIFICACION DO CONVENIO.

As modificacións formalizaranse mediante addenda a este convenio cos mesmos requisitos e condicións que para a aprobación do convenio.

SEXTA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

Serán causas de extinción do convenio:

- O non cumprimento do seu obxecto.*
- A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio por causas non imputables ás partes.*
- A denuncia por causas de interese público a instancia de calquera das partes.*
- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a súa prórroga.*
- O acordo unánime de todos os asinantes.*
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgun dos asinantes.*

A este efecto o incumprimento poderá ser de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grado a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas nel.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado á comisión de seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá levar a indemnización dos prexuízos causados, estes prexuízos taxáranse contraditoriamente polas partes.

- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.*
- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.*

Cada unha das situacións descritas por si soa é causa suficiente da resolución do convenio.

No caso de extinción anticipada, por algunha das causas anteriores, e respecto ás actuacións en curso, a liquidación deste convenio axustarase ó que segue:



Remataranse as accións e expedientes administrativos xa iniciados que aínda estean sen rematar.

Sen prexuízo do anterior, o convenio, de acordo co art. 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

SÉTIMA. INEXISTENCIA DE RELACIÓN CONTRACTUAL

Este convenio non supón asociación algunha ou dependencia entre o persoal dependente das partes asinantes, que actuarán de xeito absolutamente independente e autónomo, sendo obriga específica e exclusiva de cada unha delas cumprir con cantas obrigas legais que como empregadores lle correspondan no desenvolvemento da súa actividade ao abeiro deste convenio. Deste xeito, a subscripción do presente convenio non comportará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as partes asinantes deste convenio e os profesionais e empresas que por conta das partes asinantes desenvolvan as actividades obxecto deste convenio; de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa, indirecta ou subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

OITAVA. RESPONSABILIDADE FRONTE A TERCEIROS

Habida conta dos riscos que se poidan derivar na utilización das instalacións para o fin a que están destinadas, será responsabilidade do Concello de Sada responder dos danos que se deriven a terceiros polo cumprimento defectuoso das obrigas que asumen por medio de este convenio.

Esta responsabilidade establécese nos termos do artigo 33 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público, e a competencia para instruír o procedemento de reclamación patrimonial, corresponderalle a Portos de Galicia.

NOVENA. PUBLICIDADE

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e máis o resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

DÉCIMA. VIXENCIA DO CONVENIO

Ao abeiro do artigo 57.5 da Lei 6/2017, do 12 de decembro de portos de Galicia, o convenio terá efectos desde o día seguinte á data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia durante 15 anos, e poderá prorrogarse por acordo expreso das partes.

As ditas prórrogas non deben exceder en ningún caso do prazo máximo de 50 anos previsto para as concesións demaniais para a ocupación de dominio público portuario.

Non obstante o anterior, as obrigas asumidas polas partes quedarán sen efecto no caso de que as instalacións deixen de destinarse ao uso de depuración.

No caso de extinción anticipada por causa de incumprimento dalgunha das partes, estarase ao previsto na cláusula sexta.

UNDÉCIMA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, as partes asinan electronicamente este documento.

A presidenta de Augas de Galicia, Ángeles Vázquez Mejuto

O presidente de Portos de Galicia, José Antonio Álvarez Vidal

O alcalde de Sada, Óscar Benito Portela Fernández

ANEXO I. Plano no que se reflicte o dominio público portuario no que se desenvolverá a actuación de clave OH.315.1189

ANEXO II. Inventario

ANEXO III. Ordenanzas reguladoras».

A continuación, ábrese o debate polo presidente, sr. Portela Fernández, no que interveñen o sr. Graña Mosquera (GM-BNG); a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE) e o sr. España López (PP).

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (7 SM, 4 UPSA, 3 PP e 2 GM).
- Votos en contra: Non se producen.
- Abstencións: Non se producen.

Resultando aprobado por unanimidade dos asistentes o seguinte ACORDO:



Único.- Aprobar o convenio de colaboración entre Augas de Galicia, Portos de Galicia e o Concello de Sada en relación coas actuacións no dominio público portuario para a execución e mantemento das obras «ANTEPROXECTO DE AMPLIACIÓN DA ESTACIÓN DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS DE SADA. SADA (A CORUÑA) OH.315.1189, asumindo os compromisos nel establecidos (cláusula segunda B) unha vez que as obras estean rematadas que pasarán a ser titularidade deste Concello, co seguinte texto:

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AUGAS DE GALICIA, PORTOS DE GALICIA E O CONCELLO DE SADA EN RELACIÓN COAS ACTUACIÓNS NO DOMINIO PÚBLICO PORTUARIO PARA A EXECUCIÓN E MANTEMENTO DAS OBRAS “ANTEPROXECTO DE AMPLIACIÓN DA ESTACIÓN DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS DE SADA. SADA (A CORUÑA). OH.315.1189”

Dunha parte, Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

Doutra parte, José Antonio Álvarez Vidal, en nome e representación da Entidade Pública Empresarial Portos de Galicia, na súa calidade de Presidente, cargo para o que foi nomeado polo Decreto 101/2023, do 29 de xuño, con domicilio aos efectos deste convenio na Praza de Europa, nº 5A, 6º, Área Central, Polígono de Fontiñas, 15707 Santiago de Compostela (A Coruña), actuando en virtude das facultades que a tal efecto lle confiren os artigos 12.3.a) e 12.3.g) da Lei 6/2017, de 12 de decembro, de EPE Portos de Galicia.

E doutra parte, Óscar Benito Portela, alcalde do concello de Sada, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Todas as partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen coa capacidade legal necesaria para o outorgamento deste convenio e para o efecto

EXPOÑEN

1. O 8.4.2021 o Concello de Sada solicitou, ao abeiro do disposto no capítulo II do Decreto 59/2013, do 14 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, en materia de execución e explotación de infraestruturas hidráulicas, a colaboración técnica e financeira da Administración hidráulica de Galicia para a execución da obra de referencia, interesando o financiamento pola Administración autonómica do 100% do custo da actuación.

O 19.4.2021 a presidencia de Augas de Galicia acordou aprobar a colaboración técnica solicitada polo Concello de Sada para a execución da obra “Anteproxecto de ampliación da estación depuradora de augas residuais de Sada. Sada (A Coruña)”, a prestar por Augas de Galicia, así como o seu financiamento nunha porcentaxe do 100% con cargo aos orzamentos da entidade pública.

2. O 25.8.2021 a dirección de Augas de Galicia aprobou o “Anteproxecto de ampliación da estación depuradora de augas residuais de Sada. Sada (A Coruña)” OH.315.1189.

Coa citada actuación preténdese ampliar a estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Sada co fin de axeitar a súa capacidade de tratamento ás necesidades actuais do sistema de saneamento conforme coa normativa vixente.

O financiamento da citada obra xa foi autorizado polo Consello da Xunta o 27.10.2022 no expediente relativo á colaboración técnico-financiera da Xunta de Galicia co Concello de Sada para a execución da obra do “Anteproxecto de ampliación da EDAR de Sada. Sada (A Coruña)”.

3. O 18.9.2023 formalizouse o contrato de elaboración do proxecto e execución da obra de ampliación da estación depuradora de augas residuais de Sada. Sada (A Coruña).

4. Para a execución das obras de referencia cómpre ocupar terreos pertencentes ao Dominio Público Marítimo-Terrestre e Zona de Servidume, e están incluídas na zona de adscrición do Porto de Sada, competencia de Portos



de Galicia de conformidade co estipulado na Lei 6/2017, do 12 decembro, de Portos de Galicia.

5. A execución de infraestruturas de saneamento coma as que se pretende acometer resulta beneficiosa non só para a vila, senón tamén para a explotación futura das instalacións portuarias.

Esta infraestrutura de saneamento está recollida no proxecto en trámite de plan especial de ordenación urbanística do porto de Sada, que recolle a delimitación de espazos da zona portuaria e que xa foi sometido a informe da Dirección Xeral da Costa do Mar da Secretaría de Estado de Medio Ambiente, do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

Por iso, dado o interese coincidente de todas as partes na execución desta obra, acordan regular as súas relacións en relación coa posta a disposición de terreos, execución, titularidade, mantemento, limpeza e mellora da parte da obra que discorre polo Porto de Sada, e formalizan este convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

É obxecto deste convenio establecer as condicións básicas para a colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, o ente público Portos de Galicia e o concello de Sada, para determinar as condicións nas que o ente público Portos de Galicia autoriza a execución das obras que se definen no “Anteproxecto de ampliación da estación depuradora de augas residuais de Sada. Sada (A Coruña)” OH.315.1189, na parte que se desenvolve no dominio público portuario (no Porto de Sada) e pon a disposición sen cambio de titularidade ou cualificación xurídica dos bens e terreos portuarios, libres de cargas os terreos que resulten necesarios para a execución das citadas obras na zona do Porto de Sada.

Concretamente o dominio público portuario no que se desenvolverán as citadas actuacións reflíctese no plano anexo a este convenio, se ben poderá producirse lixeiras variacións na fase de redacción do proxecto da EDAR.

SEGUNDA. OBRIGAS DAS PARTES

A. OBRIGAS DA ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, Augas de Galicia obrígase a:

1 Respetar as actuacións establecidas na execución das obras no Porto de Sada definidas no “Anteproxecto de ampliación da estación depuradora de augas residuais de Sada. Sada (A Coruña)”, de clave OH.315.1189.

2 Así mesmo:

- o Unha vez estea redactado o proxecto da EDAR deberá ser remitido a Portos de Galicia para informe preceptivo, no que Portos de Galicia incluírá a xustificación da compatibilidade do uso autorizado coa normal explotación do porto.
- o Velar porque a reposición dos pavimentos afectados iguallen ou superen as actuais prestacións en canto a calidade (pavimento de formigón e aglomerado asfáltico) e dimensionamento (espesores, composición, densidades, etcétera), tendo en conta ademais a sinalización viaria final dos pavimentos a repoñer. No caso dos viarios, deberá repoñerse todo o viario afectado polas obras con pavimentos ou firmes con capacidade suficiente para soportar o tráfico de vehículos pesados xerados no porto. Previamente ao inicio dos traballos de reposición deberá contarse coa aprobación expresa dos servizos técnicos do ente público Portos de Galicia.
- o Adoptar as medidas e procedementos construtivos axeitados co fin de garantir en todo momento a normal explotación portuaria, no relativo á incidencia dos traballos no porto, en especial no referente á entrada e saída de embarcacións e dos vehículos do tráfico portuario.
- o Garantir a reposición dos servizos afectados sen que se interrompa o servizo subministrado. Calquera obra de afección destes servizos deberá contar coa supervisión expresa do persoal de Portos de Galicia.
- o Tomar as máximas medidas de seguridade para evitar calquera tipo de polución ou contaminación tanto na zona portuaria coma nas proximidades, quedando expresamente prohibido o vertido de residuos ao



mar, debendo cumprir en cada momento coa normativa vixente nestas materias.

- o Tendo en conta a natureza dos terreos da zona portuaria, deberanse establecer os procedementos construtivos axeitados e medidas de seguridade co fin de evitar calquera dano as persoas, edificacións e instalacións existentes.
- o Manter en bo estado o dominio público portuario, así como de mantelo en perfectas condicións de limpeza, hixiene e seguridade.

3. Calquera modificación dos proxectos, así como a execución de obras non contempladas no mesmo que afecte a bens e terreos portuarios requirirá a previa autorización de Portos de Galicia.

4. Antes do comezo das obras deberá ter lugar a implantación delas, para o que Augas de Galicia citará ao Concello de Sada e ao ente público Portos de Galicia, para delimitar e definir axeitadamente sobre o terreo as actuacións en zona portuaria. Neste acto concretarase sobre o terreo o trazado preciso dos elementos de saneamento, que poderá ser reaxustado co fin de facelo compatible coa normal explotación portuaria, debendo ter o visto bo da persoa titular da Xefatura da Zona Centro de Portos de Galicia.

En caso de modificación do establecido na acta de implantación, e previamente a calquera execución, citarase a comisión de seguimento establecida na cláusula V quen resolverá as posibles discrepancias que puideran xurdir.

5. Entregar ao concello de Sada as obras que execute esta entidade en terreos de dominio público portuario, unha vez finalizadas, nos termos establecidos neste convenio e no Decreto 59/2013, do 14 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia, en materia de execución e explotación de infraestruturas hidráulicas.

6. No ámbito das súas facultades, afrontar e intentar resolver conforme aos principios de boa fe e lealdade, as dificultades ou problemas que podan xurdir no desenvolvemento deste convenio.

A formalización deste convenio non implica no seu desenvolvemento e execución compromisos adicionais de gasto respecto dos comprometidos e asumidos na resolución pola que se aproba a colaboración técnica solicitada polo Concello de Sada para a execución da obra “Anteproxecto de ampliación da estación depuradora de augas residuais de Sada. Sada (A Coruña)”, a prestar por Augas de Galicia, así como o seu financiamento nunha porcentaxe do 100% con cargo aos orzamentos da entidade pública.

B. OBRIGAS DO CONCELLO DE SADA

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, o Concello de Sada obrígase a:

Respecto ás relacións co ente público Portos de Galicia, unha vez que as obras estean rematadas, e dado que o concello asumirá a súa titularidade de conformidade co estipulado no citado expediente de colaboración técnico financeira ao abeiro do disposto no capítulo II do Decreto 59/2013, do 14 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, en materia de execución e explotación de infraestruturas hidráulicas:

1. Explotar, conservar, manter e limpar as instalacións de saneamento e depuración actualmente existentes en terreos de dominio público portuario, en tanto sexan compatibles estas tarefas coa execución das obras referidas neste convenio.

2. Asumir a explotación, conservación, mantemento e limpeza da obra realizada nos terreos de dominio público portuario, así como a asunción de todos os gastos necesarios para elo, incluídos os asociados aos consumos enerxéticos, de reactivos, de persoal e de xestión de residuos, desde o momento en que a obra sexa posta a disposición do concello por Augas de Galicia. Comprométese a solicitar a Portos de Galicia con carácter previo á finalización das obras a formalización do título administrativo que corresponda para regular a fase de explotación das obras existentes e construídas.

3. Asumir as responsabilidades que fronte a terceiros puideren xurdir derivadas da posesión, disposición e utilización da infraestrutura de saneamento autorizada, quedando Portos de Galicia eximido de toda responsabilidade neste extremo.



4. Correr co pago de tódolos tributos que xere a explotación das instalacións de saneamento, incluída a repercusión que do IBI correspondente lle presentará Portos de Galicia, se non procedera a recoller estas instalacións no padrón do IBI como exentas deste imposto.

5. Cumprir as seguintes condicións:

A. Condicións xerais

1. INVENTARIO: o Concello remitirá a Portos de Galicia no prazo dun mes dende a formalización do convenio a información detallada das canalizacións así como os elementos e instalacións ou puntos singulares que conforman cada rede de servizo municipal en chan portuario.

En particular achegará:

a) Un listado a modo de inventario con indicación dos parámetros principais: (1) localizacións en coordenadas UTM incorporables a GIS do comezo e finalización dos tramos, conexións e elementos singulares (rexistros, puntos de vertido, cadros, etc.), (2) lonxitudes, (3) seccións, (4) materiais, e (5) outros parámetros que caractericen a rede como a súa capacidade (5a) e as acometidas existentes (5b).

b) Representación gráfica en plano .dwg editable dos elementos inventariados.

Incorporase como Anexo II a este convenio os planos coa representación gráfica dos elementos inventariados.

2. ORDENANZAS DE SERVICIOS E NORMAS RELACIONADAS: O Concello incorpora como Anexo III as ordenanzas reguladoras relacionadas cas prestacións dos servizos amparados nas infraestruturas obxecto deste convenio. Adicionalmente indicárase se o/s servizo/s se presta/n por xestión directa ou por terceiros en virtude de contrato administrativo.

No caso das instalacións de alumeadado, remitírase copia do boletín e do contrato de subministro formalizado para garantir o pago dos consumos propios.

3. ACTUALIZACIÓN DA INFORMACIÓN: Tanto o Anexo II coma o Anexo III deberán ser actualizados cada vez que unha modificación o requira. Será o Concello o que teña a obriga de remitir dita actualización xunto coa solicitude de modificación que quedará incorporada ao presente convenio.

4. MANTEMENTO E GARANTÍA DE SERVICIO: O Concello asume o mantemento ordinario e extraordinario da totalidade da rede da súa titularidade e/ou xestión e atenderá as avarias que se poidan producir nela, obrigándose á reparalas nos prazos establecidos nas súas ordenanzas. Calquera actuación deberá ser comunicada previamente á xefatura de zona de Portos de Galicia para a súa autorización. Débese acordar pola comisión de seguimento do convenio, que dará traslado para a súa aprobación polos órganos competentes. As ditas actuacións, en todo caso, implicarán a actualización do inventario do anexo II. De ser preciso unha intervención de urxencia a dita comunicación extemporánea deberá acreditarse de xeito suficiente.

5. PERMISOS: O Concello é responsable de tódolos permisos relacionados coa prestación do servizo amparados nas obras obxecto de convenio, en particular de tódalas tramitacións relacionadas con puntos de vertido, control de calidade das augas ou legalización sectorial das redes e instalación ante os órganos competentes. Así como as autorizacións sectoriais en materia de medio ambiente e patrimonio cultural, no seu caso.

6. TRAMITACIÓN DE ENGANCHE Á REDE

a. O Concello (ou no seu caso a empresa xestora do Servizo) no marco das súas competencias será o responsable da tramitación das autorizacións de enganche ás redes que reciban dos particulares, sen prexuízo da execución da actuación que se detalla no punto 7.

b. As solicitudes que poida recibir Portos de Galicia que non proveñan do mesmo Concello ou de persoa xurídica subrogada na súa posición non serán admitidas e serán devoltas ao usuario non portuario.

c. Se a necesidade de enganche ou acometida provira dun usuario portuario, Portos de Galicia poderá decidir de xeito alternativo remitila ao Concello para a súa tramitación ou autorizar o dito enganche, incorporándoo ao correspondente título administrativo de titularidade do solicitante, de por si coa soa comunicación ao Concello de dita actuación, sendo neste caso Portos de Galicia o responsable da



actualización do inventario e dos planos.

7. EXECUCIÓN DE ACOMETIDAS:

a. O Concello ou a persoa xurídica que actúe pola súa conta en virtude de contrato administrativo será o responsable da execución das obras autorizadas por Portos de Galicia.

Para a execución das acometidas solicitadas por particulares debera achegar o formulario descritivo da actuación, que poderá aglutinar varias acometidas a realizar sobre a mesma rede.

b. As canalizacións executaranse de acordo ás directrices indicadas por Portos de Galicia e se reporán cos pavimentos anteriores no seu defecto ou segundo o indicado en cada autorización particular de obra, en función da tipoloxía do pavimento/s existente/s.

c. Se a execución da actuación se fai por empresa privada en virtude de contrato administrativo depositará esta aval polo importe da actuación. Admitirase a formalización dun único aval, con importe suficiente, que avale todas aquelas actuacións executadas o amparo do presente convenio, que non será inferior o 5% do importe da suma das actuacións que se poidan executar de xeito concorrente. A estes efectos o importe das obras será o orzamento de contrata co IVE incluído.

d. En ningún caso poderá ser executada a acometida por un particular.

8. CIRCUNSTANCIAS EXTRAORDINARIAS: Se por circunstancias extraordinarias Portos de Galicia considerase necesarias actuacións sobre as redes de servizos ou os propios servizos, reclamará ao Concello a adopción de medidas urxentes. Se estas non foran tomadas en prazo razoable, en todo caso superior a 10 días, poderá Portos de Galicia executalas por si mesmo e reclamar ao Concello os gastos incorridos.

9. LEGALIZACIÓN DA REDE E AUTORIZACIÓNS: Portos de Galicia en virtude de este convenio e a partir da súa firma legaliza as redes e instalacións obxecto do mesmo no concerne á ocupación de dominio público portuario. A vixencia e respecto das cláusulas deste convenio habilitan ao Concello para a xestión ordinaria das instalacións en chan portuario sen prexuízo da necesidade de comunicación das tarefas ordinarias e a autorización portuaria para as que impliquen obras ou modificacións así coma as que poidan supoñer interferencias para a operativa portuaria. Portos de Galicia comprométese a dar preferencia ás necesidades de servizo das redes e dar resposta no prazo inferior a 2 meses das solicitudes presentadas polo Concello, a contar dende que se produza o acordo da comisión de seguimento do convenio.

B. Condicións particulares:

REDE DE SANEAMENTO:

S1. PARÁMETROS DE ENTRADA: O Concello garantirá que os caudais incorporados á rede de saneamento cumpran cos parámetros establecidos na lexislación de augas e vertidos.

S2. PARÁMETROS DE VERTIDO E PUNTO DE VERTIDO: O Concello garantirá que os caudais vertidos ás augas cumpran cos parámetros establecidos na lexislación de augas e vertidos. Os puntos de vertido estarán localizados e debidamente legalizados ante o organismo de conca competente.

S3. ATENCIÓN A VERTIDOS: O Concello responderá cos seus medios e á maior brevidade ante calquera vertido que se produza con orixe a súa rede.

INSTALACIÓNS E EDIFICACIÓNS AUXILIARES

E1. SEGURIDADE INDUSTRIAL: O Concello garantirá a seguridade das instalacións que sexan obxecto deste convenio.

E2. INSPECCIÓN PERIÓDICAS: O Concello garantirá o mantemento correcto e a legalización industrial periódica dos elementos singulares das instalacións ao servizo deste convenio.

E3. ASPECTO EXTERNO E INTEGRACIÓN CO ENTORNO: O Concello garantirá a integración paisaxística das instalacións e Portos de Galicia poderá establecer criterios estéticos sobre as fachadas,



cubertas e demais elementos visibles das instalacións e edificacións que dean servizo ao presente convenio. O Concello será responsable de levalas a cabo.

C. OBRIGAS DO ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, o ente público Portos de Galicia obrígase a:

1. Autorizar a execución das obras do anteproxecto de referencia, que afectan e se encontran no porto, concretamente as referidos aos colectores xerais, podendo supervisar en calquera momento a súa execución. No caso de detectar desviacións ou deficiencias na execución da obra, poñerá esta circunstancia en coñecemento da dirección da obra e, de existir dano, convocará inmediatamente á Comisión de Seguimento.
2. Poñer a disposición libres de cargas os terreos que resulten necesarios para a execución das obras na zona do Porto de Sada para o normal desenvolvemento das obras.
3. Autorizar a intervención de Augas de Galicia e do concello de Sadana zona do Porto de Sada para o cumprimento das obrigas derivadas deste convenio.

As anteriores autorizacións, nin os pactos e as obrigas estipuladas neste convenio, supoñen alteración da titularidade ou cualificación xurídica dos bens e dereitos portuarios afectados.

Calquera modificado do proxecto das obras que afecte á zona do Porto de Sada, deberá contar coa autorización expresa de Portos de Galicia.

TERCEIRA. COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Constituirase, a iniciativa de calquera das partes, unha comisión formada por dous representantes de cada unha das partes para desenvolver as seguintes actuacións:

- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, en caso de dúbida, o contido do convenio.
- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do convenio.

Os membros desta comisión de seguimento poderán asistir ás reunións desta acompañados do persoal técnico que consideren oportuno. Ademais, cando se considere oportuno, a Comisión de Seguimento poderá requirir a asistencia técnica necesaria para a avaliación e análise das distintas cuestións sobre as que deban adoptarse acordos.

CUARTA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo.

Todo litixio, controversia ou reclamación resultantes deste convenio ou relativo a este, a súa interpretación ou execución, o seu incumprimento, resolución ou nulidade, resolverase pola xurisdición contencioso-administrativa.

QUINTA. MODIFICACION DO CONVENIO.

As modificacións formalizaranse mediante addenda a este convenio cos mesmos requisitos e condicións que para a aprobación do convenio.

SEXTA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

Serán causas de extinción do convenio:

- O non cumprimento do seu obxecto.



- A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio por causas non imputables ás partes.
- A denuncia por causas de interese público a instancia de calquera das partes.
- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a súa prórroga.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

A este efecto o incumprimento poderá ser de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grado a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas nel.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado á comisión de seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá levar a indemnización dos prexuízos causados, estes prexuízos taxáranse contraditoriamente polas partes.

- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Cada unha das situacións descritas por si soa é causa suficiente da resolución do convenio.

No caso de extinción anticipada, por algunha das causas anteriores, e respecto ás actuacións en curso, a liquidación deste convenio axustarase ó que segue:

Remataranse as accións e expedientes administrativos xa iniciados que aínda estean sen rematar.

Sen prexuízo do anterior, o convenio, de acordo co art. 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

SÉTIMA. INEXISTENCIA DE RELACIÓN CONTRACTUAL

Este convenio non supón asociación algunha ou dependencia entre o persoal dependente das partes asinantes, que actuarán de xeito absolutamente independente e autónomo, sendo obriga específica e exclusiva de cada unha delas cumprir con cantas obrigas legais que como empregadores lle correspondan no desenvolvemento da súa actividade ao abeiro deste convenio. Deste xeito, a subscripción do presente convenio non comportará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as partes asinantes deste convenio e os profesionais e empresas que por conta das partes asinantes desenvolvan as actividades obxecto deste convenio; de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa, indirecta ou subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

OITAVA. RESPONSABILIDADE FRONTE A TERCEIROS

Habida conta dos riscos que se poidan derivar na utilización das instalacións para o fin a que están destinadas, será responsabilidade do Concello de Sada responder dos danos que se deriven a terceiros polo cumprimento defectuoso das obrigas que asumen por medio de este convenio.

Esta responsabilidade establécese nos termos do artigo 33 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público, e a competencia para instruír o procedemento de reclamación patrimonial, corresponderalle a Portos de Galicia.

NOVENA. PUBLICIDADE

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006, do 20 de



xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

DÉCIMA. VIXENCIA DO CONVENIO

Asabeiro do artigo 57.5 da Lei 6/2017, do 12 de decembro de portos de Galicia, o convenio terá efectos desde o día seguinte á data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia durante 15 anos, e poderá prorrogarse por acordo expreso das partes.

As ditas prórrogas non deben exceder en ningún caso do prazo máximo de 50 anos previsto para as concesións demaniais para a ocupación de dominio público portuario.

Non obstante o anterior, as obrigas asumidas polas partes quedarán sen efecto no caso de que as instalacións deixen de destinarse ao uso de depuración.

No caso de extinción anticipada por causa de incumprimento dalgunha das partes, estarase ao previsto na cláusula sexta.

UNDÉCIMA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, as partes asinan electronicamente este documento.

A presidenta de Augas de Galicia, Ángeles Vázquez Mejuto

O presidente de Portos de Galicia, José Antonio Álvarez Vidal

O alcalde de Sada, Óscar Benito Portela Fernández

ANEXO I. Plano no que se reflicte o dominio público portuario no que se desenvolverá a actuación de clave OH.315.1189

ANEXO II. Inventario

ANEXO III. Ordenanzas reguladoras.

3º.- PLAN ANTIFRAUDE.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral, do 16 de maio do 2024, que recolle literalmente:

«Primeiro.- Aprobar o “PLAN DE MECANISMOS PARA LA PREVENCIÓN, DETECCIÓN Y CORRECCIÓN DEL FRAUDE, LA CORRUPCIÓN Y LOS CONFLICTOS DE INTERESES EN LA GESTIÓN DEL PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA POR EL AYUNTAMIENTO DE SADA”.

Segundo.- Publicalo no portal de transparencia do Concello de Sada e no BOP.

Terceiro.- Designar ás seguintes persoas membros do Comité antifraude:

Presidenta: Elisa Gómez Ferreiro.

Vogal: Marcos Martínez Bacelar.

Secretario: José Miguel Fernández Blanco.

Cuarto.- Convocar ao Comité antifraude para a sesión constitutiva o 17 de xuño, ás 10:00 horas, e para que estableza o réxime de avaliacións iniciais e réxime de sesións ordinarias.

Quinto.- Notificar este acordo aos membros do comité».



A continuación, ábrese o debate, no que interveñen o sr. Marcos Villar (SM), concelleiro delegado da área de Cultura e Normalización Lingüística; o sr. Graña Mosquera (GM-BNG); a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE); o sr. España López (PP); a sra. Nogareda Marzoa (UPSA) e o presidente, sr. Portela Fernández (SM).

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (7 SM, 4 UPSA, 3 PP e 2 GM).
- Votos en contra: Non se producen.
- Abstencións: Non se producen.

Resultando aprobado por unanimidade dos asistentes o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar o “*PLAN DE MECANISMOS PARA LA PREVENCIÓN, DETECCIÓN Y CORRECCIÓN DEL FRAUDE, LA CORRUPCIÓN Y LOS CONFLICTOS DE INTERESES EN LA GESTIÓN DEL PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA POR EL AYUNTAMIENTO DE SADA*”.

Segundo.- Publicalo no portal de transparencia do Concello de Sada e no BOP.

Terceiro. - Designar ás seguintes persoas membros do Comité antifraude:

Presidenta: Elisa Gómez Ferreiro.

Vogal: Marcos Martínez Bacelar.

Secretario: José Miguel Fernández Blanco.

Cuarto.- Convocar ao Comité antifraude para a sesión constitutiva o 17 de xuño, ás 10:00 horas, e para que estableza o réxime de avaliacións iniciais e réxime de sesións ordinarias.

Quinto.- Notificar este acordo aos membros do comité.

4º.- INSTALACIÓN DUN PUNTO DE ACTUALIZACIÓN DE DOCUMENTACIÓN-DNI NAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral, do 16 de maio do 2024, que recolle literalmente:

«PRIMEIRO.- Iniciar o expediente para a instalación do Punto de Actualización de Documentación-DNI (PAD) no lugar, que dentro das instalacións municipais, se determine como idóneo, trala comprobación por parte do equipo da Policía Nacional.

SEGUNDO.- Solicitar da Dirección Xeral da Policía Nacional a remisión do borrador de convenio entre o Concello e o Ministerio do Interior, onde se establecerán os termos e condicións para a implementación do proxecto, no que se indicará a localización do equipo, prazo de execución e calquera outro aspecto relevante, e que será sometido novamente ao pleno para a súa aprobación, previa a emisión dos informes correspondentes».

A continuación, ábrese o debate, no que interveñen a sra. Taibo Fernández (SM), concelleira delegada da área de Facenda, Seguridade Cidadá e Persoal, facendo unha exposición; o sr. Graña Mosquera (GM-BNG); a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE) e o sr. España López (PP).

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (7 SM, 4 UPSA, 3 PP e 2 GM).
- Votos en contra: Non se producen.
- Abstencións: Non se producen.

Resultando aprobado por unanimidade dos asistentes o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Iniciar o expediente para a instalación do Punto de Actualización de Documentación-DNI (PAD) no lugar, que dentro das instalacións municipais, se determine como idóneo, trala comprobación por parte do equipo da Policía Nacional.

SEGUNDO.- Solicitar da Dirección Xeral da Policía Nacional a remisión do borrador de convenio entre o Concello e o Ministerio do Interior, onde se establecerán os termos e condicións para a implementación do



proxecto, no que se indicará a localización do equipo, prazo de execución e calquera outro aspecto relevante, e que será sometido novamente ao pleno para a súa aprobación, previa a emisión dos informes correspondentes.

5º.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

A. Decretos e resolucións da Alcaldía ditados dende o 22 de abril (núm. 741) ata o 23 de maio do 2024 (núm. 995) e 24 de maio (núms. 981-991).

Para os efectos previstos no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos e das Resolucións ditados pola Alcaldía dende o día 22 de abril (núm. 741, do expediente 2024/G003/000778) ata o 23 de maio do 2024 (núm. 995, do expediente 2024/G003/001039) e 24 de maio (núms. 981-991), que foron postos de manifesto á secretaria da Corporación.

B. Mocións.

01.- Moción para instar na mellora da xestión do tratamento dos RSU a nivel comarcal e local.

O sr. Graña Mosquera (GM) xustifica a urxencia da moción, presentada por el como membro do grupo mixto polo BNG.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (7 SM, 3 PP e 2 GM).
- Votos en contra: Non se producen.
- Abstencións: 4 (UPSA).

Resultando aprobada a urxencia por maioría absoluta.

Logo o sr. Graña Mosquera dá lectura á moción, a que a continuación reproducéase literalmente:

«MOCIÓN PARA INSTAR NA MELLORA DA XESTIÓN DO TRATAMENTO DOS RSU A NIVEL COMARCAL E LOCAL

Don Emilio Graña Mosquera, concelleiro do BNG no concello de Sada, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e, se procede, aprobación da seguinte MOCIÓN.

Exposición de motivos:

Nunha escena institucional como a galega, cunha realidade administrativa, nomeadamente a nivel nacional, controlada de xeito maioritario polo Partido Popular, a incineración (con toda a carga negativa que conleva no tocante á preservación medioambiental do noso país) conforma a día de hoxe o camiño que seguen os máis dos residuos domésticos dos fogares galegos. Fronte a unhas políticas públicas de tratamento do lixo irresponsábeis dende o punto de vista social e insostibéis dende o punto de vista ecolóxico conformouse, con todas as eivas que se lle queiran poñer, unha realidade alternativa nucleada en torno á planta de tratamento de residuos de Nostián. Trátase, en esencia, dunha proposta que, dende o verde, aborda a problemática do lixo non como un negocio senón como un servizo público básico e esencial á hora de contribuír a manter a calidade do noso hábitat, cumprindo uns parámetros mínimos de eficiencia funciona e económica que permitan a súa viabilidade no tempo. Do mesmo xeito que o PP e o seu entramado empresarial, social e económico apostou decididamente por SOGAMA e a combustión de residuos como xeito de tratar o noso lixo, somos moitos os axentes sociais e persoas individuais que dende unha posición ecoloxista e de país estamos decididos a defender Nostián como unha planta de tratamento de lixo que, apostando pola reciclaxe, ofrezca un servizo competitivo, asumíbel e de calidade á Coruña e á súa área de influencia. Lamentablemente a realidade de Nostián a día de hoxe dista moito de ser a por tanta xente desexada; a inacción e o desleixo, a falta de diálogo, inversións e mantemento, veñen sendo a pauta de actuación predominante nos últimos anos por parte da administración titular das instalacións, chegando deste xeito a poñerse en dubida a viabilidade a futuro, e a presente, da propia planta. Parecendo incluso, por veces, que hai actores políticos e económicos interesados en conducir a Nostián a unha morte branda que facilite a súa integración na estrutura autonómica de incineración. Con Nostián, A Coruña e a súa contorna, temos demostrado que na realidade demográfica que compartimos, xuntos, somos mellores que separados, que cando temos a vontade, temos tamén a capacidade, a dimensión e a habilidade precisas para levar adiante e consolidar no tempo proxectos realmente ambiciosos destinados, como é o caso, a mellorar a calidade de vida da xente e do noso medio natural. Canta máis aposta pola cooperación e o diálogo entre concellos, mellor. Canta máis aposta polo público e o social, mellor aínda. A caducidade da concesión de Nostián no ano 2019 é algo a todas luces insotíbel á altura do ano 2024, resulta inexcusábel (polos traballadores e polo conxunto da sociedade) que se axilicen os trámites para unha nova licitación do servizo. Á vez, resulta de todo punto extemporáneo que se pretenda manter unha relación estritamente clientelar cos concellos da contorna coruñesa que, vehiculizados através do Consorcio das Mariñas, son indispensábeis para que Nostián siga funcionando. A aposta pola reciclaxe realizada nas últimas décadas polo Consorcio das Mariñas, con todas as contradiccións que se queiran, forma xa parte do ADN da nosa realidade comarcal, é un sinal de identidade colectiva que, lonxe de se abandonar, debe ser acrecentado e afianzado no tempo. Pero fronte á tentativa SOGAMA auspiciada polo goberno autonómico, fai falta



altura de miras para abrir sen demora a xestión do lixo en Nostián ao conxunto de concellos que queiran participar do proxecto; sexamos todos cotitulares para sermos todos corresponsábeis. Que o localismo, disfrazado ás veces de trabas administrativas, non sexa nunca un argumento válido para, xustamente, axudar a desmantelar Nostián. En atención ás xustas demandas de boa parte dos traballadores da planta de Nostián, así como da práctica totalidade do tecido asociativo ecoloxista e medioambientalista e atendendo a pulsión dunha parte moi significativa da poboación máis concienciada da Coruña e As Mariñas,

Polo anteriormente exposto, o BNG do concello de Sada presenta para a súa aprobación polo pleno da corporación esta moción, proponendo a adopción dos seguintes ACORDOS:

- 1.- Instar ao Concello da Coruña a axilizar os trámites para a nova licitación da concesión da planta de tratamento de residuos sólidos de Nostián, por ser este un imperativo legal que dota ademais de seguridade xurídica e viabilidade operativa ao proxecto ambiental que sustenta as instalacións.*
- 2.- Instar ao Concello da Coruña a abrir unha mesa de diálogo cos concellos do Consorcio das Mariñas (e coa propia entidade supramunicipal), así como con todos aqueles municipios que se queiran sumar, co obxecto de avanzar nunha formulación societaria que permita a cotitularidade e corresponsabilidade sobre Nostián por parte de todos os concellos que participen da planta.*
- 3.- Instar ao Consorcio das Mariñas e aos concellos que o integran a apostar por Nostián á hora de licitar o servizo de tratamento, transporte e eliminación de residuos urbanos».*

A continuación procédese ao debate da moción, previa a exposición de dúas emendas, unha da edil do GM-PSOE e outra do grupo Sadamaioría (SM). Intervenien o sr. Marcos Villar (SM), a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE), o sr. España López (PP); a sra. Nogareda Marzoa (UPSA), quen anuncia que o seu grupo hase abster; e o presidente, sr. Portela Fernández (SM). Novamente o sr. Graña, quen acepta as emendas, o sr. Villar, o sr. España, a sra. Nogareda, o presidente, sr. Portela e outra vez o sr. Graña.

Seguidamente, procédese á ler o texto coas modificacións propostas:

- 1.- Instar ao Concello da Coruña a axilizar os trámites para a nova licitación da concesión da planta de tratamento de residuos sólidos de Nostián, por ser este un imperativo legal que dota ademais de seguridade xurídica e viabilidade operativa ao proxecto ambiental que sustenta as instalacións.*
- 2.- Instar ao Concello da Coruña a abrir unha mesa de diálogo cos concellos do Consorcio das Mariñas (e coa propia entidade supramunicipal), así como, nun futuro, con todos aqueles municipios que se queiran sumar, co obxecto de avanzar nunha formulación societaria que permita a co-titularidade e co-responsabilidade sobre Nostián por parte de todos os concellos que participen da planta.*
- 3.- Instar ao Consorcio das Mariñas e aos concellos que o integran a apostar por Nostián á hora de licitar o servizo de tratamento, transporte e eliminación de residuos urbanos, sempre que sexa a opción máis sustentable desde o punto de vista medioambiental e sostible desde o punto de vista económico.*

A continuación, procédese á votación, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (7 SM e 2 GM).
- Votos en contra: 3 PP.
- Abstencións: 4 UPSA.

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

- 1.- Instar ao Concello da Coruña a axilizar os trámites para a nova licitación da concesión da planta de tratamento de residuos sólidos de Nostián, por ser este un imperativo legal que dota ademais de seguridade xurídica e viabilidade operativa ao proxecto ambiental que sustenta as instalacións.
- 2.- Instar ao Concello da Coruña a abrir unha mesa de diálogo cos concellos do Consorcio das Mariñas (e coa propia entidade supra-municipal), así como, nun futuro, con todos aqueles municipios que se queiran sumar, co obxecto de avanzar nunha formulación *societaria* (corporativa) que permita a co-titularidade e co-responsabilidade sobre Nostián por parte de todos os concellos que participen da planta.
- 3.- Instar ao Consorcio das Mariñas e aos concellos que o integran a apostar por Nostián á hora de licitar o servizo de tratamento, transporte e eliminación de residuos urbanos, sempre que sexa a opción máis sustentable desde o punto de vista medioambiental e sostible desde o punto de vista económico.

02.- Moción en defensa dos Dereitos Humanos e contra a guerra e invasión de Israel en Palestina.

O sr. Villar López (SM) xustifica a urxencia da moción, presentada polo grupo municipal Sadamaioría (SM).



Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (7 SM, 3 PP e 2 GM).
- Votos en contra: Non se producen.
- Abstencións: 4 (UPSA).

Resultando aprobada a urxencia por maioría absoluta.

Logo o sr. Villar López dá lectura á moción, a que a continuación reproducéase literalmente:

«Don Marcos Villar López, voceiro de Sadamaioría no Concello de Sada, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e, se procede, aprobación da seguinte MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai décadas, o conflito entre Israel e Palestina provocou un sufrimento incesante para os pobos involucrados, especialmente para a poboación civil palestina. A situación tense agravado a través dos anos debido a unha serie de eventos que inclúen, entre outros, a ocupación militar, ataques terroristas, desprazamentos forzados, bloqueos económicos e operacións militares. As accións concretas para poñer fin á violencia e buscar unha solución pacífica e duradeira ao conflito aínda están lonxe de lograrse.

Nos últimos meses, e especialmente nestes días, a escalada de violencia alcanzou niveis alarmantes, con ataques indiscriminados que resultaron na morte de civís, incluíndo nenos e mulleres. Os bombardeos e operacións militares israelís levaron á destrución de infraestruturas esenciais como hospitais, escolas e subministracións de auga e electricidade, empeorando aínda máis a situación da poboación civil. Por outra banda, non é posible obviar os ataques terroristas executados por Hamas que, coma o perpetrado o pasado 7 de outubro, implicaron o asasinato e secuestro de decenas de persoas, algunhas das cales seguen a día de hoxe en mans desta organización. A comunidade internacional, incluíndo organizacións de dereitos humanos e organismos das Nacións Unidas, condenaron repetidamente as accións de Israel e a violencia de Hamas e chamaron á fin da ocupación e ao respecto polos dereitos humanos dos palestinos.

A comunidade internacional ten a responsabilidade de actuar para protexer aos civís e asegurar que se respecten os principios do dereito internacional humanitario. Neste sentido, o paso adiante dado polo goberno de España para o recoñecemento oficial, por primeira vez na Historia, do Estado Palestino abre o camiño a máis iniciativas que garantan os dereitos e aspiracións lexítimas do pobo Palestino.

Considerando que a Carta das Nacións Unidas e o Dereito Internacional Humanitario esixen a protección dos civís en situacións de conflito armado. Que os principios de xustiza, igualdade e respecto aos dereitos humanos son fundamentais para unha convivencia pacífica entre os pobos. Que a Comunidade Internacional, incluídos os gobernos locais, temos a responsabilidade de denunciar e actuar contra as violacións dos dereitos humanos e avogar pola paz e a xustiza.

Tendo en conta o anteriormente exposto, Sadamaioría presenta para a súa aprobación no pleno da corporación do Concello de Sada esta moción, proponendo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Condenar enerxicamente a violencia e as agresións levadas a cabo contra a poboación civil, manifestando a nosa solidariedade co pobo palestino, especialmente coas vítimas desta escalada de violencia e as súas familias.
2. Esixir un alto o fogo inmediato e o cese de todas as accións militares que poñen en risco a vida de civís.
3. Pedir ao Goberno de España que emprendan todas as medidas diplomáticas necesarias para deter os bombardeos e o asedio contra a Franxa de Gaza, incluído un programa de sancións contra o goberno de Israel e os seus responsables e a suspensión de relacións diplomáticas co Estado de Israel ata que non cumpra co Dereito Internacional e as resolucións das Nacións Unidas.
4. Demandar ao Goberno de España que cumpra coas obrigacións estipuladas no marco xurídico estatal e imponha un embargo militar a Israel, así como a suspensión de todos os programas de cooperación militar e de seguridade con Israel ata que respecte os dereitos do pobo palestino.
5. Instar ao Goberno de España e á Unión Europea a que tomen medidas diplomáticas firmes e efectivas para presionar a Israel a cumprir coas súas obrigas baixo o Dereito Internacional e a deter as políticas de ocupación e expansión en territorios palestinos.
6. Promover a educación e a sensibilización no noso municipio sobre a situación en Palestina, a través de actividades culturais, charlas e debates que fomenten a comprensión e o apoio a unha solución pacífica e xusta.
7. Reafirmar o noso compromiso cos valores de paz, xustiza e solidariedade internacional, traballando para que o noso municipio sexa un exemplo de apoio aos dereitos humanos e á resolución pacífica dos conflitos».

A secretaria fai unha advertencia con respecto da falta de competencia do concello na materia, que tampouco pode esixir, nin ordenar; que como moito podería efectuarse unha declaración (institucional).

A continuación procédese ao debate da moción, coas intervencións do sr. Graña Mosquera (GM-BNG), da sra. Pena Álvarez (GM-PSOE), quen propón emendar a moción quitando o relativo á suspensión de relacións diplomáticas; do sr. España López (PP); da sra. Nogareda Marzoa (UPSA), quen anuncia que o seu grupo hase



abster; do sr. Villar López (SM); do presidente, sr. Portela Fernández (SM), quen avoga por facer unha declaración de intencións e condena do ataque; de novo do sr. España, da sra. Pena e do presidente.

A secretaria, interpretando o que se está a falar, aclara que se podería deixar agora á parte a moción e introducir de urxencia unha declaración de condena co texto que se decida e dentro da competencia municipal.

Interveñen novamente o sr. España, a sra. Nogareda, o presidente, o sr. Villar, e non chegando a acadar un acordo de texto alternativo, decídese finalmente votar a moción admitindo a emenda de quitar a suspensión de relacións diplomáticas co Estado de Israel contida no punto 3.

A continuación, procédese á votación da moción emendada como se indicou, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (7 SM e 2 GM).
- Votos en contra: 3 PP.
- Abstencións: 4 UPSA).

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

1. Condenar enerxicamente a violencia e as agresións levadas a cabo contra a poboación civil, manifestando a nosa solidariedade co pobo palestino, especialmente coas vítimas desta escalada de violencia e as súas familias.
2. Esixir un alto o fogo inmediato e o cese de todas as accións militares que poñen en risco a vida de civís.
3. Pedir ao Goberno de España que emprendan todas as medidas diplomáticas necesarias para deter os bombardeos e o asedio contra a Franxa de Gaza, incluído un programa de sancións contra o goberno de Israel e os seus responsables ata que non cumpra co Dereito Internacional e as resolucións das Nacións Unidas.
4. Demandar ao Goberno de España que cumpra coas obrigacións estipuladas no marco xurídico estatal e imponha un embargo militar a Israel, así como a suspensión de todos os programas de cooperación militar e de seguridade con Israel ata que respecte os dereitos do pobo palestino.
5. Instar ao Goberno de España e á Unión Europea a que tomen medidas diplomáticas firmes e efectivas para presionar a Israel a cumprir coas súas obrigas baixo o Dereito Internacional e a deter as políticas de ocupación e expansión en territorios palestinos.
6. Promover a educación e a sensibilización no noso municipio sobre a situación en Palestina, a través de actividades culturais, charlas e debates que fomenten a comprensión e o apoio a unha solución pacífica e xusta.
7. Reafirmar o noso compromiso cos valores de paz, xustiza e solidariedade internacional, traballando para que o noso municipio sexa un exemplo de apoio aos dereitos humanos e á resolución pacífica dos conflitos.

C. Rogos e preguntas.

O sr. Graña Mosquera (GM-BNG) formula as seguintes preguntas:

1ª.- Pregunta se hai xa data e hora previstas para máis reunións explicativas do Plan Especial de Veigue.

Contesta o presidente, sr. Portela Fernández (SM).

2ª.- Pregunta, con relación ao plan de mobilidade urbana sostible, para cando está previsto que se pase de catro a dous carrís na avenida da Mariña, de ter unha previsión para os efectos.

O sr. Graña fai tamén os seguintes rogos, referidos a meirande parte deles a diversos aspectos demandados pola asociación de veciños de Mondego:

1º.- Con respecto das pistas deportivas de Mondego, roga dotar ás instalacións de baños para usuarios, acondicionar as instalacións e renovar o mobiliario, mellorar as zonas das grellas, sanear a instalación eléctrica e mellorar a iluminación para poder aumentar o tempo de uso.

2º.- Roga adquirir os terreos anexos á casa do Pobo (Mondego) de conformidade co PXOM, para engadir ao centro sociocultural.



-
- 3º.- Roga acondicionar o parque infantil (Mondego), que indica que está bastante deteriorado.
- 4º.- Roga adquirir terreos anexos ás pistas deportivas de Mondego para dotalas de estacionamento.
- 5º.- Roga mellorar as actuais instalacións da casa do Pobo (Mondego).
- 6º.- Roga reparar o firme diante da Galiña Azul en Mondego, que di que está afundido.
- 7º.- Roga actuar sobre a curva diante da casa do Pobo de Mondego, para previr esvaramentos.

A sra. Pena Álvarez (GM-PSOE) roga que se limpen e se lle dean orde e decoro aos puntos conflictivos (de verteduras), e fai unha especial referencia ao lugar dos contedores de Fortiñón.

A sra. Pena formula tamén as seguintes preguntas:

1ª.- Pregunta, con relación ao punto limpo de Meirás, se teñen coñecemento de que están crebados o valo e o muro, e de ser o caso cando está pensado amañalos ou se lle corresponde a outra entidade facelo.

Contesta o sr. Fariña Andrade (SM), concelleiro delegado da área de Obras e Servizos e Medio Ambiente, e tamén fai un comentario polo rogo.

2ª.- Pregunta igualmente polos valos crebados das pistas polideportivas de Meirás, con perigo para os cativos, se hai unha previsión para amañalos.

Contesta a sra. Mouriño Neira (SM), concelleira delegada da área de Deporte, Educación e Xuventude.

3ª.- Pregunta cando se ha reparar (a avenida de) Sada y sus Contornos.

Contesta o presidente, sr. Portela Fernández (SM).

A sra. Val Armesto (PP) formula as seguintes preguntas e expón os seguintes rogos:

1ª.- Pregunta se se aproveitou a última sesión da Xunta Local de Seguridade para lle preguntar á subdelegada do Goberno pola solicitude que partiu do partido popular e que se aprobou polo pleno do concello de solicitar para Sada a categoría de Posto Principal da Garda Civil.

Contesta o presidente, sr. Portela Fernández (SM).

1º.- Roga que se faga efectiva a solicitude presentada polo seu grupo de convocar con carácter urxente unha sesión da comisión informativa especial sobre seguridade cidadá, e que se invite a participar nela a unha representación de todo o tecido asociativo de Sada para a procura de solucións entre todos.

2ª.- Pregunta para cando ha ser o derrubo dunha casa da rúa da Obra e se hai previsión de facer algo mentres non se faga.

Contestan o presidente, sr. Portela Fernández (SM), e o sr. Fariña Andrade (SM), concelleiro delegado da área de Obras e Servizos e Medio Ambiente.

2º.- Roga, con respecto da dita casa, que se limpen ben as enredadeiras que hai, que invaden e corroen.

O sr. Lonja Tajés (PP) efectúa os seguintes rogos:

1º.- Roga que se rocen os camiños, a maleza das zonas entre a avenida do párroco Villanueva e La Barrosa, de Carnoedo, Veigue e que se inste tamén á Deputación para que roce no cruce do Espírito Santo.

Intervén o sr. Fariña Andrade (SM), concelleiro delegado da área de Obras e Servizos e Medio Ambiente.

2º.- Roga que se reduza o prazo de espera de atención para consultas en Servizos Sociais.

Intervén a sra. Martínez Abruñedo (SM), concelleira delegada dos servizos de Benestar Social e Igualdade e Emprego.

O sr. España López (PP), con relación ao plan da EDAR aprobado no punto 2º desta sesión, rógalle ao goberno municipal que copie a xestión da Xunta de Galicia para os proxectos importantes, comprobando as variacións



nas custas das partidas orzamentarias, modificando os créditos para evitar que queden desertos como aconteceu xa por dúas veces no caso do módulo multideportivo de Mondego.

Intervén o presidente, sr. Portela Fernández (SM).

O sr. España tamén pregunta, para o caso da EDAR, se hai unha suba de taxas ou impostos encuberta.

Contesta o presidente, sr. Portela Fernández (SM). O interventor fai aclaracións con respecto do procedemento de rogos e preguntas. Intervén tamén o sr. Villar López (SM).

A sra. Salorio Porral (UPSA) formula as seguintes preguntas:

1ª.- Logo dunha introdución de aclaración para os efectos, pregunta con respecto do servizo de axuda a domicilio cantos usuarios hai atendidos e cantos en espera en Sada, en relación cos datos dos que teñen xa resolución da Xunta de Galicia pero sen lles asignar as horas que hai dispoñibles para os poder atender.

Intervén o presidente, sr. Portela Fernández (SM), e a sra. Martínez Abruñedo (SM), concelleira delegada dos servizos de Benestar Social e Igualdade e Emprego, quen di que non o sabe de memoria pero que se lle facilitarán os datos.

2ª.- Pregunta para cando ha ser o prego da concesión do servizo de axuda a domicilio para que non se manteña a última prórroga que se aprobou aínda que coa crítica do seu grupo.

A sra. Nogareda Marzoa (UPSA) fai tamén uns comentarios relativos ao servizo de axuda no fogar, con referencia a unha acta de inspección da consellería de Política Social e Igualdade, da que di que se desprende que hai horas libres, dereito a unha información áxil e outros aspectos que considera moi relevantes, incluída a referencia a deficiencias contidas noutra acta do ano 2021, á que aínda non tiveron acceso, debatendo brevemente coa sra. Martínez Abruñedo (SM), concelleira delegada dos servizos de Benestar Social e Igualdade e Emprego, quen indica pola súa parte que hai moitas imprecisións na acta (do 30 de abril) e que se está a realizar un informe para os efectos pola coordinadora.

A sra. Nogareda, logo dunha introdución para contextualizar relativa á cualificación de obsceno que di que fixera o alcalde, sr. Portela, logo de intervir o concelleiro representante do BNG, sr. Graña, aclarar a secretaria por unha cuestión de orde que os rogos poden ser sometidos a debate e que por ter intervido o sr. Graña a sra. Nogareda ten dereito a intervir, remata rogando ao alcalde que non sexa obsceno e comece a xestionar o concello de Sada.

Intervén o presidente, sr. Portela Fernández (SM), para os efectos, e novamente a sra. Nogareda.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 22 horas e 02 minutos do día xoves 30 de maio do 2024, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente esta acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unido o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html.